

ACTA XXIV ASEMBLEA XERAL DE MAREA PONTEVEDRA, PONTEVEDRA, LUNS 15 DE OUTUBRO. Sendo as 20:04 horas dá comezo a XXIV Asemblea Xeral de Marea Pontevedra coa seguinte

**ORDE DO DÍA:**

- 1. Acta da XXIII asemblea.**
- 2. Ratificación da composición da Coordinadora Xeral.**
- 3. Segundo prazo de primarias para a elección da candidatura de Marea Pontevedra ás eleccións municipais de 2019.**
- 4. Varios (se houbese)**

**1. Acta da XXII asemblea.** Fica aprobada por unanimidade.

**2 Ratificación da composición da Coordinadora Xeral.** O Secretario de Marea Pontevedra, Anxo Serén, explica que, se ben o novo equipo da Coordinadora Xeral de Marea Pontevedra está en funcionamento desde o mes de maio, cando foi escollido polas inscritas, os Estatutos indican que este equipo debe ser ratificado pola Asemblea Xeral de Marea Pontevedra. Explica tamén que se ben a Coordinadora escollida estaba formada por 24 persoas, dúas delas tiveron que deixala por motivos laborais.

Procédese á votación co seguinte resultado:

Votos a favor: 20

Votos en contra: 0

Abstencións: 1

Polo que queda ratificada a Coordinadora.

**3. Segundo prazo de primarias para a elección da candidatura de Marea Pontevedra ás eleccións municipais de 2019.**

Repártese entre as asistentes a proposta de convocatoria de primarias para completar a candidatura de Marea Pontevedra ás videiras eleccións municipais feita pola Coordinadora. Proponse escoller desde o posto 3º ao 10º, reservando para o número 2 unha muller de relevancia social e política na cidade que nos poida abrir a máis electorado. Esa número 2 será ratificada polas inscritas. O resto da lista, así coma os suplentes, será aprobado nunha asemblea posterior. Indícase tamén o calendario proposto. Le dito documento a Coordinadora, Peque González, e ábrese unha rolda de palabras.

Xoán Hermida está de acordo coa proposta. Resalta que ante a situación excepcional de Pontevedra cómpre apostas excepcionais e temos que ensanchar o espazo electoral ao que aspirar. Quere destacar tamén a xenerosidade das mulleres da Marea que renuncian

a ir de número 2, antepoñendo os intereses do proxecto aos persoais.

David Carballal pregunta a que se refire coa ratificación. Tamén opina que deberían ir todos os candidatos en igualdade de condicións, e sobre todo, hai que calcular o que podan dicir fóra sobre se o proceso non é 100% democrático. Tamén pregunta que pasaría en caso de non cubrirse ese posto número 2.

Peque di que a democracia está demostrada coas nosas primarias, e a ratificación, que sería votación en urna, unha especie de referendo, seguiría a garantila, pois se as inscritas a rexeitan anularíase a proposta. Nese caso, quen ocuparía o posto número 2 sería a primeira muller escollida nas primarias, pois temos no regulamento que as nosas listas deben ser en cremalleira.

Luís Rei di que é xeneroso dar un paso atrás e agradece a confianza e o apoio nestes anos. Di que agora é tempo de gobernar, o Camiño 19 non son só propostas, ten que haber unha conexión emotiva. Temos que dar unha imaxe de equipo de goberno forte.

Procédese á votación co seguinte resultado:

Votos a favor: 24

Votos en contra: 0

Abstencións: 1

Polo que queda aprobado o segundo prazo de primarias.

Toma a palabra Xoán Hermida como parte da Comisión Electoral. Informa que é o mesmo proceso, polo que será o mesmo regulamento e a mesma comisión. Informa que fará chegar un correo coa información do proceso ás 346 persoas inscritas.

#### **4.Varios**

Peque informa de que temos á venda lotaría de nadal. Informa tamén dos actos para a presente semana.

Xoán di que non lle gusta que no boleto de lotaría figure a palabra "nacional".

Levántase a sesión ás 20:51h

Asina: Miguel Anxo Serén García, Secretario de Marea Pontevedra.